

LINGUA ESTRANXEIRA - INGLÉS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

1º Bacharelato

Cualificación trimestral

- As ponderacións para o cálculo da cualificación nas avaliacións trimestrais serán:

Use of English*	40%
Writing*	20%
Speaking*	10%
Reading*	10%
Listening*	10%
Classwork and homework	10%

- Por norma xeral, realizarase 1 proba por cada unha destas destrezas* en cada trimestre.
- No caso de que un alumno/a obteña un 0 en calquera destas probas ou outros traballos, non se fará un redondeo á alza ao introducir a nota no boletín de cualificacións.
- Queda a criterio do docente que imparta en cada grupo a elección do tipo e número de tarefas a pedir en cada trimestre para calcular as notas correspondentes ao traballo de casa e da aula.
- Se un alumno/a falta o día do exame, queda a criterio do docente determinar cando lle fará esa proba.

Cualificación final

- As ponderacións para o cálculo da cualificación na avaliación final serán:

1ª avaliación	20%
2ª avaliación	30%
3ª avaliación	50%

- Para o cálculo da cualificación da avaliación final teranse en conta as medias numéricas reais, incluíndo un ou varios decimais, e non as notas redondeadas introducidas nos boletíns de cualificacións.

Recuperación

- No caso de que un alumno/a non chegue ao 4,5/10 na súa cualificación final e, polo tanto, non teña superada a materia mediante as probas de avaliación trimestrais, deberá presentarse a un exame de recuperación mediante a convocatoria da avaliación extraordinaria. Neste caso, as ponderacións para o cálculo da cualificación na avaliación final serán as seguintes:

Use of English	50%
Reading	25%
Writing	25%

- Para a elaboración destas probas teranse en conta todos os contidos impartidos durante o curso.